

FICHA DE SOCIO/A

ASOCIACIÓN CULTURAL E RECREATIVA "CARBALLO VIVO"

DATOS PERSOAIS:

Nome e Apelidos: _____ DNI: _____

Enderezo: _____

Concello: _____ Provincia: _____ Código Postal: _____

Data de nacemento: _____ Profesión: _____

Teléfono móbil: _____ Teléfono fixo: _____

Correo electrónico: _____

Observacións: _____

COTAS DE SOCIOS:

-COTA DE ALTA: 10 €

-COTA ANUAL 20 €

A cota de alta xunto coa 1ª cota anual farase efectiva no momento de ser aceptada a solicitude, e as seguintes cotas anuais aboaranse durante o mes de xaneiro do ano correspondente.

Boletín de Domiciliación Bancaria (opcional)

Nome do Banco ou Caixa:

Entidade: _____ Oficina: _____ DC: _____

Nº de Conta: _____

Titular da conta:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI: _____

Sr/a Director/a:

Ata novo aviso, deberá cargar na miña conta os recibos que lle presente ao meu nome a Asociación "Carballo vivo"

Asdo:

En a, de, de

Son fins principais da asociación:

- a) Promover o interese pola cultura e tradicións propias do entorno da asociación nas súas diferentes manifestacións.
- b) Traballar pola defensa e recuperación do patrimonio etnográfico, lingüístico, histórico, e artístico do entorno.
- c) A representación, defensa e promoción dos intereses sociais, culturais e recreativos dos asociados.
- d) Fomentar a solidariedade entre o colectivo dos socios, promocionando e creando servizos comúns de natureza asistencial.
- e) Favorecer e promover a integración de colectivos xuvenís, de mulleres, de maiores e colectivos desfavorecidos en xeral.
- f) Organizar eventos de carácter cultural, recreativo e gastronómico.
- g) Organizar xogos populares e eventos deportivos en xeral, no medio rural.
- h) Defender e valorizar o respecto da natureza e a protección do monte galego a través da correcta integración do ser humano na súa contorna natural, promovendo o aproveitamento responsable dos seus recursos.
- i) Colaborar coas Comunidade de Montes da contorna e especialmente coa C.M.V.M.C. “de Carballo” no que atinxe a promoción e incentivación dos seus produtos e a multifuncionalidade e sostibilidade dos diferentes usos ademais de participar conxuntamente na organización de eventos de carácter social e recreativo.
- j) Proporcionar espazos de encontro, creatividade, intercambios, etc.
- k) Xerar alternativas de ocio e tempo libre educativo.
- l) Fomento das relacións de colaboración con institucións públicas, entidades privadas e organizacións non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais.

Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

- a) Actividades culturais, recreativas, deportivas, de ocio, tempo libre, animación social, formación, profesionais, etc., tanto de forma individual como en colaboración con outras entidades.
- b) Organización de cursos, seminarios, conferencias, debates, exposicións, proxeccións, talleres, representacións teatrais, charlas, congresos, concursos, xornadas, simposios, concertos, e actos análogos que contribúan á consecución dos fins da asociación.
- c) Organización de viaxes, rutas de sendeirismo e saídas en xeral co obxectivo de coñecer as distintas expresións culturais, etnográficas e paisaxísticas.
- d) Actividades que axuden a fomentar o interese polos fins expresados: convocatoria e dotación de premios, creación de museos, bibliotecas, pinacotecas, filmotecas, videotecas, etc.
- e) Publicación de revistas, dípticos ou trípticos, folletos, materiais formativos, estudos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación.
- f) Cantas outras actividades lícitas e de interese común consideren os socios/as desta asociación.